



## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario**

**Curso Académico: Curso 2019-2020**

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

- Dimensión 1. A xestión do título
  - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
  - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
  - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
- Dimensión 2. Recursos humanos
  - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
  - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
  - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
  - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2020-2021
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2 - Información e transparencia
    - [MIE-AM-4](#)
    - [MIE-AM-5](#)
    - [MIE-AM-9](#)
  - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
    - [MIE-AM-10](#)
  - Criterio 4 - Recursos humanos
  - Criterio 5 - Recursos materiais
    - [MIE-AM-2](#)
  - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - [MIE-AM-3](#)
    - [MIE-AM-6](#)
    - [MIE-AM-7](#)
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
    - [MIE-AM-1](#)
    - [MIE-AM-8](#)
    - [MIE-AM-11](#)
- Finalizadas Curso 2019-2020
  - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2 - Información e transparencia
  - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - Criterio 4 - Recursos humanos
  - Criterio 5 - Recursos materiais
  - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
  - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	---
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015

## Introdución

O informe de seguimento do Máster en Investigación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario do curso 2019-2020, corresponde ao desenvolvemento do título nun período especial de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, un feito que condicionou a actividade académica, caracterizada pola adaptación continua e a esixencia dun amplo rango de flexibilidade por parte do alumnado e o profesorado. Unha situación excepcional que en grande medida impactou no título en xeral e, especificamente, no logro das accións de mellora previstas para o curso 2019-2020. Todos os cambios derivados da emerxencia sanitaria foron regulados pola Resolución Reitoral do 13 de Marzo de 2020 da Universidade de Santiago de Compostela.

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O título ocúpase de temas actuais e relevantes para o desenvolvemento humano e social, individual e colectivo, como: a educación, a convivencia intercultural, a sustentabilidade e o benestar social, enfocados desde a investigación e o coñecemento educativo, temas que fundamentan a formulación das competencias básicas, xerais, transversais e específicas integradas na Memoria Verificada (última modificación 2018) e os obxectivos do Máster, expresados en termos de: 1) Facilitar unha formación avanzada, de carácter especializado e multidisciplinar, nas Ciencias da Educación, poñendo énfase na diversidade cultural e nos procesos de desenvolvemento en clave educativa; 2) Promover a iniciación do alumnado en tarefas investigadoras, posibilitando, no caso de cumprir cos requisitos, o acceso ao Programa de Doutoramento en Educación, que culmina coa realización e defensa dunha tese doutoral. (Fonte: [https://www.usc.gal/gl/centros/cc\\_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9](https://www.usc.gal/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9))

As competencias e obxectivos formativos, dan conta da importancia académica e profesional do título, sobre todo nunha sociedade necesitada da creación urxente dun coñecemento punteiro que promova o respecto aos dereitos humanos, a convivencia intercultural e a sustentabilidade (social, ambiental e económica) nas comunidades locais e no marco global. Considerando o apuntado, o profesorado da titulación, durante o curso 2019-2020, traballou na actualización dos contidos na liña de ofrecer ao alumnado enfoques máis amplos, complexos e contextualizados, en concordancia coas ideas e principios recollidos na Memoria Verificada, que ten a finalidade de outorgar ao alumnado as competencias teóricas e metodolóxicas para acceder ao mundo laboral ou, no seu caso, aos procesos regulados de iniciación na investigación educativa, como o Programa de Doutoramento en Educación da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais das accións prácticas do profesorado para manter o nivel académico, científico e profesional da titulación, preséntanse algúns indicadores que xustifican a actualidade, relevancia e interese do Máster, destacando por exemplo, o número de prazas ofertadas (29) que se sitúa entre as máis elevada da USC (IN01 M), cunha matrícula de acceso de 19

estudantes no curso 2019-2020 (IN03M) e unha matrícula total de 36 alumnos/as en 2019-2020 (IN02 M). Os citados indicadores demostran a significativa demanda da titulación que, en números, conta cunha porcentaxe do 2,78% de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) e un 27,78% de estudantes estranxeiros (IN08M), sobre o total dos matriculados na titulación. Neste punto cabe destacar que é unha das poucas propostas formativas da USC que conta cun alto nivel de bolseiros da Xunta de Galicia, da Fundación Mulleres por África e tamén da Fundación Carolina.

No marco da propia titulación cabe salientar que o Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario ten unha longa historia académica, máis dunha década, tempo no que veu destacando polo seu alto nivel académico e a calidade do cadro docente estruturado por profesores e profesoras con ampla experiencia formativa e investigadora, dos que un 70,59% conta con sexenios de investigación (IN24M). Por outra banda, é tamén pertinente sinalar o alto nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, indicador significativo no que se alcanza un 4,45% de valoración positiva sobre 5 (IN46M). Este dato complementábase coa elevada satisfacción do alumnado coa titulación 5 sobre 5 (INF.22\_2019-2020).

O Máster, considerando os indicadores presentados e a acción constante de actualización, mellora e avaliación por parte do profesorado e da Comisión de Título, responde as pautas de implantación e implementación recollidas na Memoria Verificada, reafirmando o seu perfil formativo-investigador, que ten como finalidade preparar investigadores e investigadoras capaces de estudar as realidades educativas (pasadas e presentes) e, de forma práctica, ofrecer ao alumnado as bases teóricas e metodolóxicas para iniciarse na tarefa académica de elaborar unha tese doutoral.

### **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As esixencias de actualización e axuste do Título aos tempos e problemas da realidade social presente propiciaron a introdución de cambios na organización das materias do Máster desde a súa implantación. Un dos cambios máis significativos foi o proceso de avaliación por módulos (implantada como oferta piloto no curso 2012-2013), que ten un alto nivel de valoración por parte do profesorado, o alumnado e os avaliadores externos (Informe final de avaliación para a renovación da acreditación, 18/09/ 2019). Na actualidade esta modalidade de avaliación é aplicada a todas as materias do Máster, salientando entre as súas vantaxes:

- a racionalización da carga de traballo para o alumnado,
- unha maior especialización formativa,
- a conexión dos traballos elaborados coa temática do TFM,
- a mellora da coordinación e colaboración interna entre os e as docentes das distintas materias,
- o desenvolvemento de procesos estandarizados de avaliación máis equitativos e obxectivos.

A avaliación por módulo está totalmente integrada na Memoria de Verificación do Máster, a dinámica de aplicación práctica supón a organización das materias en 6 módulos, dous de carácter obrigatorio e catro optativos.

Módulos obrigatorios:

Módulo I ( Metodoloxía de Investigación e Intervención en Realidades e Procesos Socioeducativos) e o VI ( Traballo Fin de Máster)

Módulos optativos:

- Módulos (II. III. IV e V) en función do interese e motivación do alumnado.

A avaliación por módulo implica un 70% da nota total, que é outorgado por unha comisión de avaliación que cualifica o “traballo de módulo” en base aos criterios establecidos nas “rúbricas de avaliación” deseñadas *ad hoc*. O restante 30% é determinado polo profesorado de cada materia, en función das tarefas específicas planificadas. Para o Módulo VI (TFM) noméanse o tribunal ou tribunais precisos nas tres oportunidades (xullo, setembro e febreiro) previstas para a defensa do Traballo de Fin de Máster.

Desde unha lectura presente, pódese afirmar que son notables as vantaxes da avaliación por módulo para a consecución dos obxectivo e das competencias previstas na titulación; o indicador de taxa de rendemento equivalente ao 87,10% no curso 2019-2020 (IN34M), superior en 1,97 puntos en referencia ao curso 2018-2019 dá conta desta afirmación. No desexo de actualizar e avanzar no proceso indicado, no curso 2019-2020 emprendeuse a tarefa de integrar melloras, tales como a revisión e homoxeneización na presentación na aula virtual das “directrices de traballo por módulo”, a optimización da presentación da “información xeral do proceso” e o desenvolvemento, na maioría deles, da “rúbrica de avaliación do traballo de módulo” e na “rúbrica de avaliación do Traballo Fin de Máster. Un conxunto de melloras que supoñen cambios positivos que no requiren a transformación da Memoria Verificada.

No curso 2019-2020 a adquisición de competencias e logro de obxectivos da titulación foi notabelmente lastrada polo problema da emerxencia sanitaria, a pesares do esforzo do alumnado e do profesorado. A dificultade para ter unha docencia presencial continua impactou negativamente no proceso de ensino-aprendizaxe, especialmente no segundo cuatrimestre, limitando a efectividade das accións de mellora desenvolvidas polo profesorado e as coordinacións de módulo, TFM e da titulación. Os indicadores referidos a satisfacción do alumnado coa titulación nos seus apartados relacionados co uso do campus virtual (3), a xestión do TFM (a distancia) (3) e a distribución da carga do traballo (1) dan conta desta afirmación, en canto son os aspectos nos que o Máster acada as puntuacións máis baixas sobre 5 (INF.22\_2019\_2020), en grande medida debido ao cambio repentino na organización da docencia e o axuste a unha modalidade virtual por mor da COVID-19.

A participación do alumnado do Máster en programas de mobilidade é escasa ou nula debido á organización temporal do título, que pola súa limitación oficial a un curso académico e as esixencias que impón a formación (tarefas, o desenvolvemento do TFM, avaliacións presenciais), imposibilita as accións de estudo noutros centros académicos nacionais ou estranxeiros. Un tema-problema abordado nas reunións do profesorado, para o que non se ten unha solución, debido a que as condicionantes son externas á vontade do equipo docente e de coordinación do título.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A titulación conta con múltiples mecanismos de organización para a coordinación e desenvolvemento do plan de formación, entre eles cabe salientar dous, de carácter vertical e horizontal:

- 1) Mecanismos de coordinación vertical, estruturados pola xunta de profesorado do Máster que analiza situacións e propón accións sendo as súas achegas de orde propositivo. Este mecanismo foi potenciado no curso 2019-2020, coa finalidade de dinamizar a participación e a implicación activa do profesorado no desenvolvemento do título. Nesta perspectiva, a maioría das decisións para o funcionamento do Máster consideraron as achegas da totalidade do profesorado. O outro nivel de organización vertical está composto polos membros da Comisión de Título que estuda, analiza e aproba as propostas provenientes da xunta de profesorado ou ben de recomendacións do

alumnado; ademais ten autonomía para tomar decisións que afectarán ao conxunto da titulación. Este mecanismo de coordinación garante o cumprimento da normativa que rexe a titulación e certifica as medidas adoptadas no marco de funcionamento do Máster, sendo o máximo nivel de toma de decisións.

- 2) A coordinación horizontal implica aos seis “coordinadores de módulo” que en colaboración co coordinador do título e de forma colexiada con todo o profesorado e alumnado ocúpense do correcto desenvolvemento do plan de estudos, na liña de evitar baleiros e duplicidades nos procedementos, as tarefas encargadas ao alumnado e os contidos das diversas materias. A figura de coordinador/a de módulo constitúe un gran acerto en canto garante unha relación personalizada e próxima co alumnado, a colaboración entre o profesorado e a eficacia e axuste na toma de decisións que fai operativa a Comisión de Título.

No curso 2019-2020, desde a coordinación do título se aplicaron múltiples medidas para dinamizar a participación do profesorado e do alumnado. En referencia a participación dos estudantes considerouse como un factor central a coordinación e fluxo de información cos seus representantes, e mesmo coidouse a proximidade e a calidade na realización das reunións de coordinación co alumnado. Por mor da COVID-19, no segundo cuadrimestre intensificouse a relación de coordinación cos diversos actores da titulación, para garantir o correcto desenvolvemento do plan de estudos, a pesares das dificultades xeradas pola emerxencia sanitaria.

Na Memoria Verificada do Máster non se contempla a realización de prácticas externas e de ningunha natureza. Esta cuestión foi discutida co profesorado que na súa maioría considera a pertinencia destas prácticas, sempre tomando en conta as dificultades que supón para unha titulación que ten como liña prioritaria a investigación. A idea máis avanzada e a de aproveitar as potencialidades e capacidades dos grupos de investigación que forman parte do programa, para ofrecer oportunidades de prácticas no eido da investigación educativa.

O Máster está deseñado para ser impartido en formato presencial, con dúas excepcións contempladas na Memoria Verificada vixente: 3 ECTS impártense na modalidade virtual, 12 ECTS de forma semipresencial e o resto dos créditos (48) na modalidade presencial. Todas estas materias teñen a súa e-aula no Campus Virtual da USC, espazo que por mor da COVID-19 potenciouse ao máximo, sendo durante o período de pandemia o lugar virtual de referencia para a formación no marco da titulación. Tamén se conta con unha e-aula da titulación, un espazo virtual que serve como recurso de comunicación e coordinación co alumnado e o profesorado, e onde se publican as informacións máis relevantes para o desenvolvemento do Máster e ademais unha e-aula no Campus Virtual da USC específica para o TFM.

O modelo organizativo do Máster considera dúas modalidades de matriculación, a Tempo Completo (TC) e a Tempo Parcial (TP). Este modelo de organización, en función das situacións persoais permite ao estudantado alcanzar as competencias (xerais, específicas e transversais) do Máster e os obxectivos específicos das materias, con independencia da modalidade cursada. En todo caso, cabe sinalar que no curso 2019-2020 a totalidade dos alumnos estiveron matriculados a tempo completo.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O sistema de admisión do alumnado realízase de acordo cos criterios e procedementos establecidos no Regulamento de Posgrao Oficial da USC, seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. Para acceder a este Máster requírese estar en posesión dalgún dous graos e posgraos relacionados coas ciencias da educación, as ciencias sociais e, en xeral, con aqueles campos de coñecemento relacionados coa investigación en educación e, especialmente, con realidades marcadas pola diversidade cultural e os procesos de desenvolvemento comunitario.



Na Memoria Verificada establécese que a tarefa de selección de alumnos correspóndelle ao Departamento, unha función que na actualidade está limitada pola orde do Goberno da Universidade que, primando a cobertura de prazas, impón un sistema de matrícula directa ata cubrir as 29 praza ofertadas. Un procedemento que si garante o número, pero non en todos os casos a adecuación do alumnado ás esixencias da titulación e do seu profesorado. Con todo, os perfís dos estudantes matriculados na titulación, na súa meirande parte, son coherentes co perfil de ingreso establecido na Memoria Verificada:

Titulación do alumnado matriculado no Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, curso 2019-2020.

Ano Académico	Titulación de procedencia	Núm. de estudantes
2019/2020	Grao en Educación Social pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Educación Social pola Universidade de Jaen	1
	Grao en Educación Social pola Universidade de Santiago de	2
	Grao en Educación Social pola Universidade de Vigo	1
	Grao en Mestre en Educación Infantil pola Universidade de	1
	Grao en Pedagogía pola Universidade de Santiago de	2
	Grao en Socioloxía pola Universidade da Coruña	1
	Estudios Realizados no Estranxeiro	1
	Resolución reitoral de equivalencia	10
<b>Total 2019/2020</b>		<b>20</b>

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC)

Unha cuestión salientable do Máster é a súa alta demanda internacional, sobre todo de alumnos e alumnas provenientes de países como China (4), Arxentina (2), Brasil (2) e Cabo Verde (1) (INF16\_2019\_2020), no obstante, é pertinente sinalar que, no caso do alumnado estranxeiro, a opción de matrícula directa non permite a selección dos perfís máis adecuados.

En relación aos complementos de formación, os mesmos enténdense no Máster como todas as accións educativas que organizan os grupos de investigación (Grupo SEPA- Interea, Grupo ESCULCA, Grupo Terceira Xeración (TEXE) e Grupo EDUNARTEX), e tamén o conxunto da oferta formativa, que conecte coas liñas de investigación do Máster, ofertadas por outras entidades propias da USC o alleas á mesma (Oficina de Desenvolvemento Sostible, Oficina de Igualdade de Xénero; Museo Pedagóxico de Galicia...). Nesta marco, cabe destacar de maneira especial a colaboración formativa co persoal da Biblioteca da Facultade, que no curso 2019-2020 desenvolveu os seguintes cursos: “Busca de información para realizar o Traballo de Fin de Máster” e “Propiedade intelectual, dereitos de autor e regras básicas para publicar no ámbito da educación”.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O funcionamento do Máster axústase ás distintas normativas vixentes, que regulan o funcionamento xeral dos títulos na universidade, na Facultade de Ciencias da Educación e, especificamente, no Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario. Neste sentido, o conxunto de normas de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, as normas de avaliación e de desenvolvemento dos Traballos de Fin de Máster, etc., veñen sendo aplicadas segundo o establecido e sen incidencia algunha. O impacto positivo das normas vixentes fanse tanxibles nos resultados de formación acadados polo alumnado e no correcto desenvolvemento da titulación, cuestións observables nos seguinte datos do curso 2019-2020: a taxa de rendemento (87.10%) (IN34M), a taxa de éxito (100%) (IN35M) a taxa de avaliación (87,10%) (IN36M) e á taxa de graduación (87,50%) (IN37M), todos valores superiores aos acadados no curso 2018-2019.

Pola súa importancia para o alumnado, no marco normativo, destaca aquel que regula a avaliación dos Traballos de Fin de



Máster da USC [[http://www.usc.es/etse/files/u1/ NormativaTFGeTFM\\_0.pdf](http://www.usc.es/etse/files/u1/NormativaTFGeTFM_0.pdf)], que se concreta e especifica de forma operativa na Guía de TFM desenvolvida pola Comisión do Título do Máster, a Coordinación do título e a Coordinadora da Materia TFM, nunha interacción consultiva constante co conxunto do profesorado. Esta guía, onde se indican as normas básicas de desenvolvemento do TFM (formato, tipoloxía, defensa, titorización e calendario, avaliación, etc.), no curso 2019-2020 foi actualizada en mellorada, de forma coordinada con todo o profesorado, coa finalidade de ofrecer un documento claro, conciso e completo que facilite a efectiva realización do TFM.

No curso 2019-2020 moitos aspectos da normativa vixente foron obxecto de adaptación por mor da COVID-19, un feito que esixiu un maior nivel de interacción co alumnado para aclarar e xustificar os cambios. Máis aló desta situación, coma xa se indicou noutros informes, é preciso indicar que nalgúns casos, sufrimos un exceso de normas que redundan en dinámicas burocráticas insostibles que xeran un desgaste mental para o alumnado e o profesorado, e provocan un certo grao de desafección fronte á xestión do proceso formativo.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información oficial que rexe o programa formativo e o seu desenvolvemento provén da Universidade e da Facultade de Ciencias da Educación. Entre os mecanismos de información pública destacan:

- a web da USC que recolle información relevante para o alumnado e o profesorado, xerada polas súas diversas vicerreitorías e servizos como a Oficina de Información Universitaria (OiU) [<https://www.usc.gal/es/servizos/oiu/>] e da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa. A específica referida ao Máster en Investigación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento comunitario atópase na seguinte ligazón da web da USC [<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-investigacion-educacion>], que recolle información básica e suficiente para os estudantes que desexan cursar esta titulación.
- a web da Facultade de Ciencias da Educación [<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-educacion>], onde se ofrecen datos xerais sobre a facultade e na ligazón específica do Máster infórmase sobre a súa organización, dinámicas de formación, regulamentos, Memoria Verificada, etc., que son de utilidade para o profesorado e alumnado da titulación: [[https://www.usc.gal/gl/centros/cc\\_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9](https://www.usc.gal/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9)].

En relación coa titulación, ademais da información ofertada nas páxinas Web da universidade e da facultade, desde a coordinación do título organizouse un documento propio, o “Dossier de información para futuros estudantes”, que recolle datos de interese para os estudantes quen desexen ter información detallada sobre a titulación e coñecer os procedementos para poder matricularse no Máster. A información ofertada polos diversos medios sobre a titulación se caracteriza pola súa coherencia, obxectividade e axuste ao previsto na Memoria Verificada vixente. A información sobre o Máster difúndese a través dos seguintes medios e estratexias:

- Lista de distribución da Oficina de Relacións Exteriores da Universidade,
- A circulación permanente de información nas redes sociais da Facultade e dos grupos investigación,
- A comunicación a través das páxinas Web dos equipos de investigación.
- A difusión en redes de investigación nacionais e internacionais das que forman parte os equipos de investigación do Departamento.
- A exposición de información nas pantallas da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte e Campus Vida).
- A presentación interactiva do Máster no 4º curso dos graos de: Pedagogía, Educación Social e Grao de Mestre (neste último caso tamén na Facultade de Formación do Profesorado que a USC ten no Campus de Lugo), isto co obxectivo de captar estudantes destas titulacións da USC.
- A Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia presenta o Máster en Hispanoamérica e beca estudantes que desexan formarse na USC.
- Os eventos organizados pola propia Universidade de Santiago de Compostela para promocionar a súa titulación de Máster.

A capacidade de difusión de información sobre o Máster está xustificada polo alto nivel de matrícula de estudantes estranxeiros, 27,58%, no curso 2019-2020 (IN08M), que en grande medida tamén é produto do traballo de coordinación do título, que é responsable de informar e aclarar dúbidas ao alumnado de novo ingreso a través de medios máis personalizados como o correo electrónico e as aulas virtuais para os matriculados na titulación, recurso de grande utilidade para sortear as dificultades xeradas polo COVID-19.

A información que se ofrece sobre a titulación é actual, obxectiva e coherente co contido da Memoria Verificada vixente do título. De igual modo as diversas estratexias de comunicación dan conta do interese e esforzo por garantir o acceso a información relevante do Máster a todos os grupos de interese. As fontes de información para o alumnado e o profesorado son variadas e útiles, deseñadas co obxectivo de facilitar o acceso a unha información de calidade. No obstante, continúaase traballando na mellora da información e no uso dos diversos canais de difusión.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no [Manual do SGC](#) exposta publicamente na páxina Web da Facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na web da facultade tamén está dispoñible o [Manual de procesos do SGC](#). Esta Política revísase con periodicidade, a máis recente actualización da mesma data do ano 2020, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun [Plan Estratéxico](#), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

A actualización de documentación; Manual do SGC e o Manual de procesos do SGC, a elaboración do Plan Estratéxico e, principalmente, a Acreditación Institucional do Centro, son elementos fundamentais, aos que a Decana, o equipo Decanal e a Comisión de Calidade do Centro (CCC), dedicarán unha parte moi importante da súa actuación.

#### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran o SGC son o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos, así como o Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade, están dispoñibles a través das páxinas Web da Facultade que imparte o título. Elabórase, así mesmo, anualmente unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento do título. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de

verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O SGC é revisado periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vai sendo interiorizada a un ritmo razoable por parte da totalidade de axentes implicados.

O Manual Simplificado do SGIC foi adoptado por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado por Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015). No curso académico 2018-19 afrontouse unha revisión do SGIC na que se modificou o Manual de Sistema de Garantía de Calidade e do Manual de Procesos, que foi aplicado no curso 2019-2020.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster non ten competencia algunha en relación a xestión e provisión de persoal académico, tarefa que é coordinada pola Reitoría, a través do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador e as autoridades da Facultade de Ciencias da Educación e o Departamento de Pedagogía e Didáctica a través da súa área específica de Teoría e Historia da Educación (THE), ámbito no que se revisa e planifica a PDA e elabora o POD, incluíndo as materias do Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario.

Os 20 profesores e profesoras que impartiron a docencia no curso 2019-2020 (E15) contan co nivel de cualificación acorde coas previsións integradas na Memoria Verificada. Este equipo docente está encargado de realizar tarefas de ensino e de titorización das actividades de inicio a investigación, para o cal conta coas competencias e a experiencia que garante unha docencia de calidade. Neste liña, o profesorado nun 85% está constituído por persoal funcionario e laboral indefinido (E15\_2019-2020), que na súa maioría, 70,59%, ten acadado sexenios de investigación (IN24M).

En referencia ao axuste do número de profesores e profesoras para a atención de calidade do alumnado non se conta con datos actuais. A última información que se ten sobre a ratio de estudante por profesor a tempo completo data do curso 2015-2016, que marca un valor de 1,95 (IN30M) na titulación. Rememorando cuestións que xa se indicaron en anteriores informes, cabe destacar o notable esforzo do profesorado para impartir unha docencia de calidade a pesares da sobrecarga de traballo.

Ademais da formación autónoma de cada un dos membros da equipa docente do Máster, na liña de mellorar a calidade formadora do profesorado, desde a Universidade, a Facultade e os grupos de investigación ofrécense múltiples oportunidades formativas, entre as cales no curso 2019-2020 cabe salientar: o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID), a participación en redes interuniversitarias (locais, nacionais e internacionais) de formación e investigación, os seminarios de formación, que no marco de actividades dos grupos de investigación que son dinamizados por algún especialista externo e as actividades formativas organizadas polo Decanato para dar resposta aos desafíos derivados da emerxencia sanitaria.

Entre as cuestións críticas é preciso sinalar que a participación do profesorado nas accións formativas vese lastrada polo alto nivel de carga académica, como tamén pola excesiva burocratización de determinados procedementos. A pesares

destas cuestións é salientábel o interese do profesorado para recibir formación de apoio para a mellora da docencia 4,10 sobre 5 (INF.14, 2019-2020), un desexo que na segunda metade do curso reduciuse á oferta formativa online por mor da COVID-19, en detrimento da acción formativa presencial, pero tamén con notables vantaxes pola descuberta das potencialidades da formación virtual.

A calidade docente tamén está en estreita relación coa mobilidade e o coñecemento doutras experiencias formativas e de investigación. Se ben a totalidade do profesorado do Máster pode participar en programas de mobilidade, estas accións víronse totalmente restrinxidas no segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 debido as limitacións de traslado dun lugar a outro para evitar a propagación do COVID-19. Para completar este punto, é importante recordar aqueles factores que obxectivamente limitan e dificultan a participación dos docente da titulación nas accións formativas e de mobilidade:

- A dificultade de compaxinar a carga docente cos tempos dedicados a formación e a mobilidade,
- A impartición de docencia en diversos títulos, o cal dificulta a concentración e a especialización, sobre todo aos profesores e profesoras máis novos/as.
- A carencia de estratexias efectivas a nivel de Universidade e Facultade para organizar a docencia de tal modo que ao menos unha parte do profesorado, de forma rotativa, teña a posibilidade de contar cun tempo específico para a mobilidade nacional e internacional.

Por último, desde unha perspectiva crítica, sinalar que a escasa valoración da docencia para a promoción universitaria limita o interese por este campo prioritario da actividade académica, que nos últimos anos pasou a un segundo plano debido a maximización do interese por un determinado tipo de investigación que non responde á esixencia da calidade docente, senón a criterios de carácter competitivo e mercantilista integrados nas políticas de selección e contratación do profesorado universitario.

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, no curso 2019-2020. contou cun membro do persoal de administración e servizos (PAS), responsable administrativo, encargado de colaborar en tarefas de xestión e doutra índole vinculadas ao correcto desenvolvemento da titulación. A valoración do labor do PAS da titulación é positiva, en canto a súa acción facilita as tarefas burocráticas e a atención adecuada ao persoal docente e ao alumnado, sendo este profesional un referente de información e consulta en relación a cuestións referidas á xestión, aos trámites e á burocracia que implica a titulación. No marco da facultade, o Máster tamén conta co apoio de outro persoal administrativo e de servizos: o persoal da conserxería (4), o persoal encargado das tarefas de Administración e Xestión da Facultade (5) e o persoal administrativo que realiza tarefas nos respectivos departamentos da Facultade (6).

Na Memoria Verificada do título non consta ningunha esixencia de dotación, a maiores, do persoal con que xa se conta. Con todo, cabe sinalar que a Universidade, tal como sucede co PDI, é a encargada de xestionar os recursos humanos referidos ao PAS, responsabilidade que tamén contempla a oferta de oportunidades de mellora e actualización co obxectivo de optimizar as actividades administrativas en toda a institución co consecuente impacto no Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario. Neste marco, é salientábel a satisfacción do PAS co traballo desenvolvido no curso 2019-2020, 4 sobre 5, mesmo a satisfacción media coas actividades formativas desenvolvidas cun valor de 7,64 de 10 (P\_Ind\_2019-20).



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas destinadas ao proceso formativo do Máster son adecuadas, a titulación conta cos espazos, recursos materiais e servizos suficientes para seu correcto desenvolvemento. A nivel de espazos cóntase co Seminario Herminio Barreiro (22 prazas) equipado con mobiliario cómodo, encerado dixital, acceso a internet, computador e canón de vídeo, destinado preferentemente para o desenvolvemento das actividades do Máster; en caso de ter un número grande de alumnos, se pode facer uso da aula 9 (95 prazas) que é o espazo oficial do Máster; como tamén da aula Sarmiento (40 prazas) e o salón de actos (281 prazas) para actividades de ampla participación. No contexto da emerxencia sanitaria a maioría dos espazos nomeados quedaron anulados, concentrándose a actividade docente, especialmente, na plataforma virtual da USC.

No primeiro cuatrimestre do curso 2019-2020 os alumnos contaron con espazos comúns preparados para a actividade presencial, como aulas, mesas, cadeiras, conexión sen fíos a Internet, etc. Tamén cos recursos da biblioteca localizada na Facultade de Ciencias da Educación (Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación), un servizo esencial para os estudantes do Máster, que ademais de ofrecer un fondo bibliográfico e de documentación conta con espazos para a lectura e a procura virtual de información. O uso dos recursos preparados para a modalidade presencial

de docencia foron anulados no segundo período do curso, debido a incidencia da COVID-19 que obrigou á migración cara un formato docente virtual.

A pesares da incidencia negativa no acceso aos recursos de carácter presencial na segunda parte do curso académico 2019-2020, os alumnos consultados sobre si “os recursos educativos dispoñibles son axeitados”, responderon cunha puntuación de total satisfacción de 5 sobre 5 (INF22\_2019-2020). O mesmo sucede cando son preguntados sobre si “as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados”, ítem no que se acada tamén o valor máximo de 5 (INF22\_2019-2020). Uns datos que dan lugar a afirmar que os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son axeitados e axustados aos obxectivos formativos, a modalidade do título e ao número de estudantes que participan no Máster. Non sucede o mesmo cos recursos previstos para a xestión virtual, pois a pregunta de si “o campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas”, as respostas se sitúan nunha media de 3, un aspecto que require unha maior investigación e accións de mellora por parte dos respectivos responsables.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación desenvolvidas na titulación oriéntanse á consecución dos obxectivos, as competencias e as aprendizaxes previstas na Memoria Verificada. No marco do curso 2019-2020 o profesorado da titulación, a coordinación do Máster e a Comisión Académica procederon á organización do Máster segundo o previsto nos prazos de xestión da universidade, nos tempos previstos organizouse, entre outras actividades a revisión e actualización dos programas docentes das materias nos seus contidos básicos (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, bibliografía recomendada, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, etc.), mesmo, planificouse o calendario de desenvolvemento das tarefas académicas do Máster, contemplando durante todo o curso, accións de mellora tanto da docencia como da organización do título, especialmente no período de emerxencia sanitaria, que esixiu unha adaptación constante a nivel de contidos das materias e de prazos e horarios de desenvolvemento de actividades.

Desde a coordinación do título, en estreita colaboración cos coordinadores e coordinadoras de módulo e a coordinadora de TFM, ademais coa participación da totalidade do profesorado procurouse unha dinámica formativa coherente cos obxectivos da titulación e o benestar do alumnado. Nesta liña, se melloraron as directrices de traballo por módulo, a Guía do TFM, se elaboraron rúbricas de avaliación e realizáronse reunións periódicas entre o profesorado e tamén co alumnado para acompañar e mellorar o proceso formativo, sobre todo no período de ruptura da formación presencial, de modo que os estudantes, a pesares da distancia, tivesen un acompañamento adecuado por parte do profesorado. Estas accións, durante o curso 2019-2020, redundaron en resultados satisfactorios na formación e aprendizaxe do alumnado con todos os valores superiores ao curso 2018-2019, así o demostran os datos que seguen:

Indicador	2018-2019	2019-2020	Fonte
Taxa de rendemento	85,13%	87,10%	(IN34M)
Taxa de éxito	98,57%	100%	(IN35M)
Taxa de avaliación	86,37%	87,10%	(IN36M)

É importante destacar o esforzo realizado desde a coordinación do título e a coordinación do TFM para acadar resultados positivos na elaboración dos Traballos de Fin de Máster. Nesta liña, desenvolveuse unha dinámica formativa específica para o inicio, proceso e conclusión óptima do TFM, que consiste no seguinte proceso:

- a presentación inicial e explicación da materia TFM,
- a organización de accións formativas con colaboradores externos para dotar aos estudantes dos coñecementos que reforcen as súas capacidades para o desenvolvemento desta tarefa,
- a asignación de títos en concordancia cos temas escollidos polos estudantes e a especialización temática do profesorado,

- o acompañamento dos estudantes durante o proceso de elaboración do TFM,
- o asesoramento para a presentación final do TFM.

Estas tarefas de orientación e acompañamento constante foron relevantes no contexto da pandemia, sobre todo para aclarar as modificación que supuxo a adaptación das modalidades de presentación do TFM e a aclaración das novas esixencias para este proceso. Estas accións permitiron acadar un resultado significativo na taxa de éxito do 100% na materia do TFM (INF17) e un alto nivel de satisfacción do alumnado coa titorización do mesmo, 4.33 sobre 5 (INF.14\_2019\_2020).

Polos resultados acadados no curso 2019-2020 pódese afirmar que a titulación está ben encamiñada no que se refire ás dinámicas formativas e a súa adecuación para obter resultados positivos, que dan conta da coherencia co perfil de egreso desexado na titulación e a súa correspondencia co nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). A titulación garante a adquisición de coñecemento especializado en investigación educativa, a aplicación dos devanditos coñecementos para a resolución de problemas, a avaliación científica e social dos problemas abordados, a capacidade de desenvolver metodoloxías innovadoras de estudo de problemas educativos, o desenvolvemento das capacidade de difusión e transferencia do coñecemento e, nun sentido máis persoal, a potenciación da autonomía para a participación en proxectos de investigación e o desenvolvemento do sentido de responsabilidade orientado ao propio crecemento profesional.

Outros datos que confirman a consecución adecuada de resultados de aprendizaxe na titulación proveñen da satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación. No que concirne ao profesorado e relevante o nivel de satisfacción coa docencia impartida que acada unha puntuación de 4,31 sobre 5 (IN47M), na mesma liña positiva, sitúase a satisfacción xeral do alumnado coa titulación que acada un valor de 4,45 (IN46M). No período de pandemia é significativo o nivel de satisfacción do profesorado, cando é preguntado sobre si “esta satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria” cun valor 4.27 sobre 5 (INF.22\_20219\_2020), e sobre se “estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria” ítem no que se acada unha puntuación de 4,30 (INF.22\_20219\_2020).

Sobre a base dos datos expostos, pódese concluír que os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas no Máster en Investigación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario son os adecuados para acadar resultados de formación e aprendizaxe óptimos e coherentes co previsto na Memoria Verificada do título. Esta dinámica positiva tamén é aplicable ao período da crise sanitaria, o que dá conta da capacidade do profesorado para adaptar as accións formativas e resolver de xeito eficaz os problemas derivados dos múltiples cambios provocados pola pandemia.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na actualidade no título ofértanse 29 prazas de novo ingreso (IN01M); durante o curso 2019-2020 matriculáronse 19 estudantes (IN04M), producíndose unha redución significativa con relación aos datos do ano académico 2018-2019, no que accederon 24 novos alumnos e alumnas (IN04M). Os estudantes que acceden ao título caracterízanse polo elevado nivel de rendemento académico, sobre todo no curso 2019-2020 no que a nota media dos alumnos de novo ingreso foi de 8,39, o máis elevado no último lustro (IN06M). Segundo os datos da universidade o 100% do alumnado se integra no Máster cunha puntuación igual ou maior a 6 (IN07M).

A pesares da redución de alumnos de novo ingreso no curso 2019-2020, o título cumpre satisfactoriamente co número esixido pola USC, sendo en xeral moi alta a demanda desta formación, que recibe estudantes nacionais e internacionais que se singularizan polo seu interese na investigación e o coñecemento do ámbito educativo, aspectos que inciden favorablemente na consecución de resultados. En concordancia co expresado, a taxa de rendemento do alumnado no ano académico 2019-2020 foi do 87,10% (IN34M), superior aos valores dos cursos precedentes que obtiveron as seguintes puntuacións: 79,63% en 2016-2017; 81,56% en 2017-2018 e 85,13% en 2018-2019 (IN34M). Un conxunto de datos que dan conta dunha evolución constante e positiva.

Nesta mesma liña, a taxa de éxito mantívose equilibrada durante os diversos cursos académicos, experimentando un salto cualitativo no curso 2019-2020 cun valor do 100%, (IN35M) que iguala o acadado no curso 2016-2017 e supera ao resto de puntuacións dos demais cursos (IN35M). Considerando a taxa de éxito dos egresados os valores tamén son notables 88,72% (IN50M), e a taxa de eficiencia dos mesmos que no curso 2019-2020 ascendeu á puntuación de 88,72% (IN53M).

En canto a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados, taxa de avaliación, os resultados son relevantes para o curso 2019-2020, cunha porcentaxe do 87,10%, superior ao acadado no curso 2018-2019 equivalente ao 86,37% (IN36M), experimentando unha mellora significativa que dá conta da evolución positiva nos resultados da titulación.

No Autoinforme do curso 2018-2019, con certa preocupación, facíase referencia á baixa taxa de graduación equivalente ao 65,00% (IN37M), que foi amplamente superada no curso 2019-2020 cun valor de 87,50% (IN37M). A mellora na relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis da súa cohorte de ingreso, pode deberse en grande medida á implicación das coordinación de título, TFM e de módulo, que no marco das súas competencias desenvolveron actividades de orientación académica, formación específica referida ao TFM e outras dinámicas de información co obxectivo de favorecer o ascenso deste indicador, que acadou valores favorables a pesares dos problemas derivados da pandemia.

Os resultados positivos acadados no indicadores analizados tamén impactan positivamente na cantidade media de anos na que os e as estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos, duración media de estudos que no curso 2019-2020 corresponde ao valor de 1,46 (IN38M), o segundo mellor dato do último lustro, superado só no

curso 2015-2016 cun valor de 1,37, destacando como puntuación menos óptima a correspondente ao ano académico 2017-2018 cun valor de 1,89 (IN38M). Os datos referidos á duración media dos estudos, tanto en sentido positivo como negativo, poden estar nesgados pola modalidade de matrícula do alumnado, que pode ser a tempo parcial o a tempo completo.

Outro indicador que evolucionou positivamente no curso 2019-2020 é o referido á taxa de abandono que alcanzou un nivel de 0 (IN41M) superando o valor rexistrado no curso precedente 2018-2019 cun 5,00 (IN41M). As puntuacións acadadas neste indicador son amplamente superiores á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas e tamén á media da USC, o cal pon en valor a capacidade da titulación para interesar e reter aos estudantes, ademais de animalos a cumprir coas súas metas de formación. Os datos positivos tamén se estenden ao indicador da taxa de éxito, que historicamente rexistrou valores moi estimables (100% en 2016-2017), correspondendo ao curso 2018-2019 a porcentaxe de 98,57, superado no curso 2019-2020 cun valor do 100% (IN35M).

A tendencia positiva dos datos presentados e analizados fundamentan a coherencia no deseño, a xestión e aplicación dos procedementos formativos, que responden aos obxectivos e competencias enunciadas na Memoria Verificada do título. Por outra banda, dan conta da necesidade e utilidade social desta titulación que, a través de diversos procesos e prácticas educativas, busca formar especialistas na investigación educativa, que teñan as capacidades e competencias necesarias para estudar os problemas e fenómenos socioeducativos locais e globais, que inciden no correcto desenvolvemento da sociedade e a formación dos cidadáns nun mundo cada vez máis imprevisíbel e necesitado de innovadoras propostas educativas.

## **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O adecuado desenvolvemento da titulación depende en grande medida do traballo, benestar e satisfacción dos axentes implicados, entre outros, os alumnos, os docentes e o persoal de apoio. Considerando a súa relevancia, procedemos a analizar os seus niveis de satisfacción con relación a diversos aspectos do Máster. No referido a “satisfacción do alumnado coa docencia recibida” os datos correspondentes ao curso 2019-2020 son positivos, en canto na totalidade dos ítem acadan valoracións medias superiores a 4 sobre (INF.13\_2019-2020), cunha puntuación global de 4,45 (IN46M), un dato que é relativo debido a baixa participación (29,63%) do alumnado (INF.13\_2019-2020), practicamente igual ao curso 2018-2019 (29,03%).

En canto aos resultados de “satisfacción do alumnado coa titulación” no curso 2019-2020 obsérvase unha tendencia xeral positiva, acadando na maioría dos ítem unha puntuación igual a 5 sobre 5 (INF.22\_2019-2020). No obstante, cabe centrar a atención nos puntos do cuestionario (INF.22\_2019-2020) que expresan valores baixo e negativos: 1) “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas”; primeiro indicar que formulación da cuestión é confusa, debido a que dá lugar a referirse a dous aspectos: por un lado o campus virtual como plataforma de formación, e por outro o campus virtual como espazo para a xestión académica. Pode que o alumnado na súa resposta confunda a xestión, que non depende do título, coas dinámicas de formación; neste sentido, desde o noso punto de vista, este ítem non pode ser considerado. 2) “Os horarios deste cursos foron axeitados”, neste ítem se ten unha valoración de 3 sobre 5, o cal pode deberse en grande medida as accións de adaptación derivadas da emerxencia sanitaria, en todo caso, para os cursos seguintes, este punto será de especial atención no marco do desenvolvemento do Máster. 3) “O calendario de probas de avaliación é razoable”, neste ítem tamén se acada un valor de 3, feito que pode responder, en grande medida, aos cambios e adaptación provocadas polo COVID-19, en todo caso, é un tema a considerar. 4) No tenor dos puntos comentados, a cuestión formulada sobre se “a xestión do TFM é axeitada” recíbese unha valoración media de 3, aspecto que en certa medida pode xustificarse polo migración a un novo modelo de xestión imposto desde a administración e tamén polos cambios obrigados por mor da pandemia, que non facilitou o normal desenvolvemento do calendario previsto para o curso en condicións de presencialidade. 5) Por último, un tema que debe ser considerado e corrixido é o referido á “distribución da carga do traballo”, que ten unha valoración de 1 sobre 5, e en grande medida ten a súa explicación no



desequilibrio entre os encargos para o traballo de módulo e os traballos específicos para as materias, ademais dos desequilibrios e dificultades provocadas pola situación de crise sanitaria.

No referido á satisfacción dos estudantes egresados coa titulación repítese o feito xa comentado en informes precedentes, no sentido de non contar con datos suficientes para analizar este punto. A información que se ten é totalmente insuficiente (INF.09\_2019-2020), razón pola cal non podemos expresar nada ao respecto. No obstante cabe volver a indicar e instar á USC que mellore os procesos de recompilación de información, tarefa que non forma parte das responsabilidades do persoal que imparte docencia no título.

No que toca a satisfacción do profesorado coa docencia impartida cóntase con datos provenientes da participación do 60%, superior en 5 puntos en relación ao curso 2018-2019 (INF.14\_2019-2020). En xeral cabe salienta o bo nivel de satisfacción desde colectivo, que en termos globais acada a puntuación de 4,31 sobre 5 (IN47M), tamén superior ao curso precedente. De forma máis detallada cabe destacar a dinámica de adaptación do profesorado á situación de emerxencia sanitaria, que en termos xerais acada valoracións moi positivas, tal como se expresa nos seguintes puntos (INF.14\_2019-2020): 1) “Estou satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria”, neste ítem acádase unha valoración dun 4,27 sobre 5 que demostra a capacidade de adaptación do profesorado. 2) “Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria”, a valoración neste punto é de 4,30 sobre 5, o que novamente dá conta da versatilidade e capacidade do profesorado para afrontar situación imprevistas. 3) Unha cuestión salientable sobre a satisfacción do profesorado no período de crise sanitaria é a valoración que fai sobre a súa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto, onde se acada unha puntuación de 3,85, que dá conta da necesidade de mellorar as estratexias de formación que manteñan actualizado ao profesorado no uso das tecnoloxías educativas virtuais.

Os datos correspondentes a “satisfacción do persoal docente investigador coa titulación”, sobre a base de participación dun 50% recollen, en xeral, valores positivos e superiores aos do curso precedente, cunha puntuación media global de 4,11 sobre 5 (INF.23\_2019-2020). Entre os aspectos máis destacables, sitúase a media acadada no referente á existencia de vías adecuadas para participar na mellora da calidade, onde no curso pasado obtívose unha valoración de 3,50 sobre 5 e no curso correspondente ao presente informe un 3,80 (INF.23\_2019-2020), cun incremento considerable que pode deberse as accións de participación virtual promovidas pola coordinación do título e tamén desde o Decanato, aínda que cun amplo marxe de mellora. Outro tema que cabe salienta é a satisfacción cos horarios existentes, ítem que é valorado cun 3,50 puntos sobre 5, (INF.23\_2019-2020); aspecto que invita á reflexión e mellora neste campo, de modo que o profesorado poda desenvolver a súa actividade en condicións axeitadas.

Tanto o alumnado como o profesorado que participou no Máster no curso 2019-2020 expresa a súa satisfacción coa maioría dos aspectos referidos a titulación, unha valoración positiva que responde por unha banda ao esforzo e traballo dos diversos axentes implicados no Máster, enfocados no obxectivo común de mellorar o título conforme as directrices previstas na Memoria Verificada. A pesar dos datos favorables, é importante recordar e reflectir sobre as dificultades que forman parte do día a día dos profesores e profesoras e a súa sobrecarga con tarefas burocráticas que, máis aló de mellorar a calidade da formación supoñen trabas para o logro dunha educación de calidade.

No referente á mobilidade do alumnado, como se explicou noutro apartado, por razóns ligadas á duración limitada do Máster a un ano académico, a concentración de materias e o alto nivel de esixencia nas sesións de traballo presencial, fan case imposible participar en actividades de mobilidade. E en relación ás prácticas externas, tamén se aclarou que nesta titulación non se contemplan, a pesar da demanda de prácticas no campo da investigación, un tema que aínda queda como pendente de mellora.

Todos os indicadores de satisfacción nomeados téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos, especialmente aqueles que se destacan como aspectos críticos, que no marco do Máster son poucos, pero en algúns casos moi significativos, como por exemplo a valoración da organización horaria. En termos globais a satisfacción dos axentes implicados no desenvolvemento da titulación é positiva, en todo caso, é pertinente manterse vixiantes e activos no marco dun proceso sostido de mellora.

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**



Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O estudo oficial e sistemático das dinámicas de inserción laboral dos egresados do Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario é unha tarefa pendente da universidade e dos responsables correspondentes (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia - ACSUG). Non se conta con datos obxectivos sobre este tema e tampouco se coñece unha estratexia específica para xeralos.

En todo caso, cabe informar que un número significativo dos egresados da titulación forman parte dos grupos de investigación integrados no Máster (Grupo SEPA, Grupo ESCULCA, Grupo Terceira Xeración (TEXE) e Grupo de Investigación en Educación, Natureza, Arte e Excursionismo (EDUNARTEX). Neste sentido, as competencias adquiridas polo estudiantado permiten o seu acceso, por exemplo, a contratos de investigación a través das bolsas pre e pos doutorais da Xunta de Galicia, das Bolsas de formación de Profesorado Universitario (FPU) e das Bolsas de formación de Persoal Investigador (FPI). A valoración dos empregadores sobre as competencias profesionais dos titulados ven dada polo Sistema Universitario Galego, xa que un alto porcentaxe dos egresados e egresadas chegan a ser docentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo. En relación ao resto de egresados, que no fican nos grupos de investigación participantes no título, sinalar que na súa meirande parte traballan como docentes do sistema educativo non universitario (educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional), para cuxos concursos de oposición puntúa o título acadado no Máster en Investigación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario.

### 3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311773_P.Ind_2019-2020
			4311773_INF.16_2019-2020
			4311773_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311773_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311773_P.Ind_2019-2020
			5016_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311773_P.Ind_2019-2020
			4311773_INF.04_2019-2020
			5016_INF.05_2019-2020
			4311773_INF.06_2019-2020
			4311773_INF.07_2019-2020
			4311773_INF.08_2019-2020
			4311773_INF.09_2019-2020
			5016_INF.10_2019-2020
			5016_INF.11_2019-2020
			4311773_INF.13_2019-2020
			4311773_INF.14_2019-2020
			5016_INF.21_2019-2020
			4311773_INF.22_2019-2020
			4311773_INF.23_2019-2020
4311773_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311773_P.Ind_2019-2020
			4311773_Informe_de_indicadores_2019-2020

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311773_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5016_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4311773_INF.13_2019-2020
			4311773_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5016_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311773_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
